
NOVIDADES NA DECLARACIÓN DE SUPERFICIES DA SOLICITUDE ÚNICA 2021

Servizo Axudas Agrícolas da PAC

03.02.2021

ÍNDICE

- I. Novidades do RD 1075/2014
- II. Novidades na Orde da solicitude única-2021
- III. Actualizacións no SIXPAC
- IV. Outras cuestións de interese e a recordar

I – NOVIDADES DO RD 1075/2014 (I)

Cambios no articulado:

- **Artigo 11.** *Actividad agraria. Apartados 2 e 3*
- **Artigo 41.** *(Legumes de calidade): Obxecto, ámbito de aplicación e dotación. Apartado 2*
- **Artigo 92.** *Contido da solicitude única: Apartado 4.*
- **Artigo 93.** *Declaración de pastos na solicitude única: Apartado 3*
- **Artigo 94.** *Alegacións ao Sixpac: Apartado 2*
- **Artigo 96.** *Modificación das solicitudes: Apartado 2*
- **Artigo 99.** *Disposicións xerais de control.*
- **Anexo VII.** *Información mínima que debe conter a solicitude única: modifícanse o Apartado I e o Apartado III.*

I – NOVIDADES DO RD 1075/2014 (II)

Cambios nos anexos:

- **Anexo VII.** *Información mínima que debe conter a solicitude única:* modifícase o *punto 21* e engádese un *punto 22* ao *Apartado I* e modifícanse os *puntos 4, 7 e 12* do *Apartado III*.
- **Anexo VIII.** Modifícase o *apartado II*
- **Anexo XI.** Substitúese íntegra a *Parte II*
- **Anexo XIV.** Modifícase a *Parte II*
- **Anexo XVI.** Novo anexo de *Especificacións técnicas de fotografías xeorreferenciadas*.

I – NOVIDADES DO RD 1075/2014 (III)

Cambios no artigo 11 apartado 2: CAMPAÑAS 2015 -2018

No caso das terras que sirvan para pastos e que formen parte das prácticas locais establecidas, segundo as que as herbas e outras forraxes herbáceas non predominaron tradicionalmente nas superficies para pastos, recoñecidas pola autoridade competente, a única actividade admisible será o pastoreo

Cambios no artigo 11 apartado 2: CAMPAÑAS 2019 -2020

No caso dos pastos permanentes utilizados en común, non se admitirán as actividades de mantemento recollidas no anexo IV

I – NOVIDADES DO RD 1075/2014 (IV)

Cambios no artigo 11 apartado 2: CAMPAÑA 2021

No caso dos PP de titularidade pública utilizados en común, so se admitirá a produción en base a pastoreo con animais da propia explotación do solicitante e non das administracións titulares dos mesmos,, nin gandeiros que non acrediten haber utilizado o pasto nos termos en que o seu uso como comunal esté atribuído aos asignatarios do pasto

En determinadas circunstancias, as autoridades competentes das CC.AA. poderán tamén admitir a produción en base a sega para pastizais e pradeiras de titularidade pública utilizados en común sempre que se acredite que dita sega, coa finalidade da súa utilización polo titular da explotación que solicita a axuda, é parte da actividade agrícola realmente exercida polo mesmo. En ningún caso se admitirán as actividades de mantemento recollidas no anexo IV.

I – NOVIDADES DO RD 1075/2014 (V)

Análise da redacción para a **CAMPAÑA 2021**

- Pastos permanentes de **uso en común**.
 - Dous ou máis gandeiros nunha soa parcela que usan toda a superficie.
 - Non aplica a parcelas publicas utilizadas por un solo gandeiro
 - USO ≠ MECANISMO CONCESION (Ficticios vs. Reales)
- De **titularidade pública**
 - Non aplica a pastos privados usados en común
- En base a pastoreo con **animais da propia explotación**
 - Exclúese o pastoreo por terceiros (animais da administración ou gandeiros non asignatarios do pasto)
 - Control de pastoreo efectivo sen cambios (competencia CA)
- O uso do pasto (como ben patrimonial ou de dominio público) está **acreditado por un título**
 - Proba documental de concesión do pasto

I – NOVIDADES DO RD 1075/2014 (VI)

Análise da redacción para a **CAMPAÑA 2021**

Caso particular de pastizais e pradeiras de titularidade pública utilizadas en común,

- Será admisible a **sega**
 - So se a Comunidade Autónoma o admite
- Para a súa **utilización polo titular** da explotación.
 - Uso forraxeiro polos animais do solicitante
- Forma parte **da actividade agrícola da explotación**
 - A actividade de sega é exercida polo concesionario
 - ¿Directamente ou no seu nome?

I – NOVIDADES DO RD 1075/2014 (VII)

Análise da redacción para a **CAMPAÑA 2021**

En ningún caso se admiten **actividades de mantemento** en pastos permanentes utilizados en común de titularidade pública.

- **SÍ** son admisibles en **pastos privados** de uso en común (**manter criterio anterior a 2021?**)
- **SÍ** son admisibles en pastos públicos **non utilizados en común**
- Nestes dos casos tamén é admisible o **pastoreo por terceiros**
- Sen prexuízo do control de creación de **condicións artificiais**

II – NOVIDADES INTRODUCIDAS NA ORDE (I)

Administración electrónica (Art. 5):

Diversas ferramentas electrónicas (SGA) e Apps que facilitan o acceso á información e a interacción dos beneficiarios na xestión das súas solicitudes.

- **Sga@pp**, que permite a consulta de solicitudes da PAC e alegacións ao SIXPAC.
- **SGAFoto**, para realizar fotografías xeorreferenciadas cando sexa necesario (alegacións ó SIXPAC, monitorización...).
- **InfoPac**, con información sobre dereitos de pago básico, preguntas e respostas, normativa, noticias...
- **Consultas PAC** (web FOGGA): permite consultar información sobre dereitos, resolucións de axudas, cambios no SIXPAC... e realizar alegacións na solicitude da PAC:

https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas_pac

II – NOVIDADES INTRODUCIDAS NA ORDE (II)

Obriga de presentación de fotografías xeorreferenciadas (Art. 19 e 34): 2 por recinto, datadas e xeorreferenciadas (preferentemente, coa app **SGAFoto**) nos seguintes casos.

1. Solicitudes de alegacións ao SIXPAC: recintos que impliquen un incremento do valor do CAP, ou cambios de uso forestal (FO) aos usos pasto (PS), pasto con arboredo (PA) ou pasto arbustivo (PR), ou cambios dos usos pasto con arboredo (PA) ou pasto arbustivo (PR) ao uso pasto (PS), indicando sobre a saída gráfica do visor o punto e a dirección coa que foron tomadas,.

2. Solicitudes da PAC:

- Recintos con superficie solicitada para as **axudas aos cultivos proteicos e ás legumes de calidade**.
- No Pagamento verde, para os **recintos declarados como superficies de interese ecolóxico (SIE)** no período principal de cultivo, nos concellos con control mediante monitorización.

* Na web do FOGGA está dispoñible unha guía coas directrices para a súa realización: https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas_pac/portal_de_axudas_pac

II – NOVIDADES INTRODUCIDAS NA ORDE (III)

➤ Declaración gráfica en zonas de C.P. na campaña 2021

Na SgaCap nova de capa gráfica (Parcelas de reemplazo) coas parcelas de reemplazo das zonas de C.P. definidas no Anexo III da Orde da PAC.
O Anexo III da Orde incorpora como novas zonas de C.P as seguintes:

A Coruña:

Foxas-Bendaña (Touro)

Trazo (trazo)

San Vicente de Curtis (Vilasantar)

Lugo:

Fanoi (Abadín)

Órrea-Galegos (Riotorto)

Pontevedra:

Godos (Caldas de Reis)

Troáns-Sector II (Cuntis)

Santa Baia de Losón (Lalín)

Lois-Montes de Ribadumia (Ribadumia)

II – NOVIDADES INTRODUCIDAS NA ORDE (IV)

➤ Zonas de monitorización na campaña 2021

Amplíase a monitorización a todas as provincias nos seguintes concellos:

- **A Coruña:** Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo.
- **Lugo:** Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Outeiro de Rei, Portomarín, Rábade e Lugo.
- **Ourense:** Allariz, Baños de Molgas, Maceda, Paderne de Allariz, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadañedo.
- **Pontevedra:** Cerdedo-Cotobade e A Estrada e Forcarei.

II – NOVIDADES INTRODUCIDAS NA ORDE (V)

➤ **Modificación da S.U. No caso da Monitorización (Art. 13.5)**

- No caso dos agricultores suxeitos a controis mediante monitorización unha vez finalizado o prazo para a presentación da solicitude única **podarán presentar solicitudes de modificación das parcelas agrarias da súa solicitude única ata o 15 de setembro** deste ano, en relación cos réximes de axuda monitorizados.

➤ **Informe de control de Monitorización (Art. 13.8)**

- No caso dos expedientes sometidos a control por monitorización, o Fogga emitirá un **informe de control** que será notificado mediante publicación no *DOG* e na páxina Web do Fogga. As persoas interesadas terán 10 días de prazo desde a notificación para formular as alegacións ou presentar os documentos ou xustificacións que consideren pertinentes.

II – NOVIDADES INTRODUCIDAS NA ORDE (VI)

➤ **Outras cuestión dos controis por monitorización (Art. 13. 6):**

A monitorización cubrirá todas axudas por superficies de FEAGA e a liña de Zonas con Limitacións Naturais de FEADER e proporcionará un resultado do control da parcela (semáforo) :

- a) **Cor verde:** coincidencia entre o declarado e o comprobado mediante monitorización.
- b) **Cor amarela:** dúbida entre o declarado e o identificado mediante monitorización.
- c) **Cor vermella:** falta de coincidencia entre o declarado e o identificado mediante monitorización.

En **agosto** o FOGGA **comunicará as parcelas clasificadas coas cores amarela e vermella** de xeito que as **solicitudes poidan modificarse ata o 15 de setembro**.

II – NOVIDADES INTRODUCIDAS NA ORDE (VII)

➤ SIXPAC. Novidades:

- **Novas ortofotos na campaña 2021 obtidas a partir de voos realizados en 2020** (a ortofoto “Oficial” a inicio de campaña cubre so a zona occidental de Galicia -totalidade das provincias de A Coruña e Pontevedra- estando previsto dispor de novas ortofotos da zona oriental en próximas datas).
- **Nova incidencia 186** "Pasto Permanente con actividade de mantemento 5 anos consecutivos" en recintos de usos PS, PR ou PA con elevado risco de abandono por ter sido declarados con actividades de mantemento (valores 0,6,7,8 e 9 do anexo IV) durante 5 anos consecutivos. Esta incidencia fai que o recinto sexa non admisible para as axudas a non ser que o solicitante poida demostrar que está realizando unha actividade agraria sobre o recinto, presentando a correspondente **alegación ao SIXPAC tipo 12**.

II – NOVIDADES INTRODUCIDAS NA ORDE (VIII)

➤ **SIXPAC. Solicitudes de alegacións (Art. 19):**

O SIXPAC, base de datos de referencia para a declaración de parcelas agrícolas, está sometido a constantes actualizacións de oficio procedentes de distintas fontes (catastro, resultados dos controis sobre o terreo, renovación de ortofoto e imaxes de satélite, etc).

É responsabilidade das persoas interesadas comprobar a información contida no SIXPAC. Deberán comprobar que a delimitación gráfica e o uso asignado aos seus recintos é correcto e que non conteñen elementos non elixibles, en particular, camiños e edificacións.

No caso do que o SIXPAC non reflecta a situación real das parcelas debe realizarse una alegación. A información non coincidente coa realidade pode dar lugar a sancións nas axudas. O prazo de presentación rematará o 31 de maio. Non obstante, haberá un período adicional de actualizacións ata o 31 de outubro, sen efectos para as axudas da campaña 2021.

II – NOVIDADES INTRODUCIDAS NA ORDE (IX)

➤ SIXPAC. Solicitudes de alegacións (Art.19):

- **5 - ...só se admitirán as solicitudes para incrementar o CAP cando o incremento proposto sexa superior ao 20 % ou, sendo inferior, o CAP final sexa 100 e**, ademais, o novo valor proposto na alegación sexa algún dos seguintes: 25, 35, 45, 55, 65, 75, 85 ou 100, no caso de propoñer un valor distinto axustarase de oficio á baixa resultando aplicables as reducións e sancións correspondentes por sobredeclaración de superficies
- **7 - Os solicitantes que presenten alegacións ou solicitudes de modificación do Sixpac con un incremento do valor do CAP**, ou cambios de uso FO aos usos PS, PA ou PR, ou cambios dos usos PA ou PR ao uso PS, deberán aportar, ..., un **mínimo de 2 fotografías datadas e xeorreferenciadas** por cada un dos recintos, indicando sobre a saída gráfica do visor o punto e a dirección coa que foron tomadas.

III – ACTUALIZACIONES NO SIXPAC (I)

FEGA (con revisión do FOGGA)											
	cambios TA-PS	Recintos NOVOS	Teledetección		Monitorización	Fusión Recintos	Recintos con elevado riesgo de abandono	Recintos afectados por incendios	Recintos pendientes de Control Terreo Clásico	Recintos NON declarados en parcelas 9000	Total
PROVINCIA	Recintos actualizados de TA a PS (declaracións 2016-2020)	Recintos actualizados por Revisión de ortofoto declarados por primeira vez en 2020 con superficie maior de 3.000 m ²	Recintos modificados	Asignación de DATA DE CAMPO en recintos sen cambios con visita rápida YDT	Recintos con actualización de USO por discrepancia en base a metodoloxía	Recintos colindantes fusionados que cumplen os criterios da Metodoloxía	Asignación de incidencias 158, 177 e 186	Asignación de incidencia 159	Asignación de incidencia 187 "Pendente control por COVID-19"	Recintos con cambio de uso a IM	
A Coruña	7.082	402	1.664	1.267		4.365	273	2.441	12.616	84.174	114.284
Lugo	9.600	550	679	375		2.027	510	713	13.301	12.326	40.081
Ourense	5.506	152			139	700	628	15.520	4.047	20.383	47.075
Pontevedra	4.218	116			282	406	68	716	1.495	21.819	29.120
TOTAL	26.406	1.220	2.343	1.642	421	7.498	1.479	19.390	31.459	138.702	230.560
FOGGA											
	Alegacións		CT Clásico		Condicionallidade	Peticións de oficio dos SSTT	Descontos por Declaración gráfica	Certificacións Forestais	Total		
PROVINCIA	Recintos MODIFICADOS	Asignación de DATA DE CAMPO en recintos sen cambios	Recintos MODIFICADOS	Asignación de DATA DE CAMPO en recintos sen cambios	Recintos con actualización de USO/ CAP /EP	Recintos con actualizacións, principalmente a uso VINA	Recintos actualizados por descontos declarados na Solicitud Única	Recintos actualizados a uso FO			
A Coruña	4.982	254	275	3.181	126	31	2.062	0	10.911		
Lugo	6.985	273	399	4.848	9	113	2.483	0	15.110		
Ourense	2.499	419	350	3.459	242	1.149	1.156	0	9.274		
Pontevedra	1.872	170	402	3.982	64	296	492	0	7.278		
TOTAL	16.338	1.116	1.426	15.470	441	1.589	6.193	0	42.573		

- Capa PARCELA e modificacións capa RECINTO: Publicación de Mantemento de Conxerencia en 130 municipios (FEGA) DATO PROVISIONAL, pendente de incorporar as últimas publicacións
- Capa Pastos Permanentes (FEGA/Revisión FOGGA)
- Capa SIE (FEGA/Revisión FOGGA)
- Capa Elementos da Paisaxe: Fotointerpretación de novos EPPP, Baixa de elementos con situación "registro previo dubidoso" e desdoble dos campos Motivo de cambio e Situación
- Capa LIC,ZEPA de RED NATURA
- Capa DECLARACIÓN: actualización con recintos declarados nas 5 últimas campañas 2016-2020 (FEGA)
- Capa MFE: delimitación gráfica do mapa Forestal de España (FEGA)
- Capa CP NO INTEGRADAS: Parcelas de reemprazo de Concentración Parcelarias non integradas en SIXPAC (FOGGA)
- Recálculo de CAP RESULTANTE tras actualizacións de ráster vexetación e ráster solo (FEGA)
- Modificacións de CAP MANUAL en base á metodoloxía: PS a 100 e PR/PA a 0 en recintos non declarados e de superficie <=0,03ha con CAP Manual nulo (FEGA):
- Borrado de incidencias relativas a Alegacións, Controis clásicos, Condicionallidade e Fusión asociadas ao ano 2016 e anteriores (FEGA)
- Borrado de datas de campo anteriores a 01/01/2017 (FEGA)
- Traballos en curso de revisión e actualización de recintos por Fotointerpretación da nova ortofoto 2020 (FEGA)
- Traballos en curso de revisión e actualización de recintos por Fotointerpretación da nova ortofoto 2020 (FEGA)

III – ACTUALIZACIÓNS NO SIXPAC (II)

- Novas ortofotografías de voos 2020 de toda a C.A.
- **Separación dos usos TA e PS** de acordo coa serie de declaracións en 5 anos anteriores en **26.406** recintos.
- Actualizada a caché 2021 cos cambios de uso procedentes das alegacións e controis terreo da campaña 2020.
- Hai **130 concellos** con modificación de mallas catastrais debido ao “mantemento da **converxencia**” entre catastro e SIXPAC.
- Modificacións noutras capas SIXPAC: SIE, pastos permanentes, Elementos da paisaxe
- Novas incidencias (*)

III – ACTUALIZACIÓNS NO SIXPAC (III)

Incidentes no Sixpac

Relacionadas con situacións que provocaron perda de admisibilidade e cuxa recuperación exige a presentación de alegación para o reinicio da actividade agraria nun recinto por algunha destas circunstancias:

- **Incidencia 117:** Recinto con cultivo abandonado.
- **Incidencia 158:** Barbeito de máis de 5 anos.
- **Incidencia 159:** Superficie queimada.
- **Incidencia 177:** Cultivo permanente con actividade de mantemento 5 anos consecutivos.
- ***Incidencia 186:** Pasto permanente con actividade de mantemento 5 anos consecutivos (Nova).

IV – OUTRAS CUESTIÓNS DE INTERESE (I)

- **O período principal de cultivo**
 - “Irá do **15 de xaneiro ao 30 de abril**”.
 - “As esixencias relativas ao número de cultivos e ás súas porcentaxes deberán respectarse na maioría do citado período”.
- **Requisitos das SIE** (anexo VIII do RD 1075/2014)
 - Superficies de barbeito 2021 non poden estar precedidas por CFN-SIE da campaña 2020
 - Os CFN-SIE 2020 non poden ir seguidos por barbeitos

IV – OUTRAS CUESTIÓNS DE INTERESE (II)

- Obriga para outros **agricultores** (que non solicitan axudas) de **presentar a SU**, incluíndo as súas parcelas, para efectos da súa inscrición no **REXEPA** (art. 10.4 da Orde)
- No caso de que o agricultor declare un valor do CAP distinto aos **porcentaxes 25, 35, 45, 55, 65, 75, 85 ou 100**, “axustarase de oficio à baixa resultando aplicables as reducións e sancións correspondentes por sobredeclaración de superficies” (art. 20.5 da Orde)
- **Non se considerarán pastos arbustivos ou con arboredo os límites dos recintos nin tampouco recintos ou partes de recintos inferiores a 0,3 hectáreas**, salvo que estean unidos a outras superficies de pasto da explotación con actividade de pastoreo e que en conxunto superen ese límite” (art. 20.5 da Orde).

IV – OUTRAS CUESTIÓNS DE INTERESE (III)

- Obriga de mantemento dos **elementos da paisaxe** (en relación coa BCAA 7) agás daqueles que se indican expresamente na descrición desta BCAA no **anexo VII** sempre e cando a súa alteración veña motivada por razón da viabilidade económica da explotación. Para que dita alteración non dea lugar a un incumprimento da condicionalidade será necesario comunicala antes do 31 de maio mediante unha solicitud de modificación do SIXPAC (tipo 11) acompañada dunha memoria descriptiva dos motivos razoados que levan á modificación ou eliminación do elemento en relación coa viabilidade económica da explotación, así como das preceptivas autorizacións no ámbito correspondente. As solicitudes que non estean debidamente razoadas serán denegadas e, no seu caso, darán lugar a un incumprimento da condicionalidade. As solicitudes presentadas despois da notificación ou execución dun control sobre o terreo non serán tidas en conta para a campaña en curso e terán efectos para a campaña seguinte”.

IV – OUTRAS CUESTIÓNS DE INTERESE (IV)

- No caso de **inactividade entre dous cultivos** (p.ex, monocultivo de millo: no verán de 2019 e no verán de 2020), no período principal haberá herba espontánea con restos da colleita de millo. Nesta situación **declararase o produto correspondente ao cultivo posterior ao período principal** (p.ex, millo (produto 4)) como cultivo principal. De acordo con indicacións recibidas do FEGA, neste tipo de situacións non se declara o produto 20 (barbeito non SIE).
- Nos casos de **prado temporal sementado dentro dunha rotación tradicional** (o prado está presente un ou máis anos completos), declararase **produto 63**. Cinco anos seguidos con esta declaración daría lugar a un uso PS.
- Se é necesario para solicitar axudas asociadas, poderá declararse como secundario (denominado agora “outro cultivo”) o cultivo do verán de 2020 (p.ex, legume ou xirasol).

IV – OUTRAS CUESTIÓNS DE INTERESE (IV)

- No caso de **raigrass entre cultivos** (sementado tras recoller o millo do verán de 2019 e recollido para sementar millo no 2020), declararase **produto 78**, que é o presente durante o periodo principal. Declárase como secundario o cultivo presente no verán do 2020 (millo p.ex.).

IV – OUTRAS CUESTIÓNS DE INTERESE (V)

- **Barbeitos:** Superficies declaradas na solicitude da campaña
Presentes \geq 6 meses (1 xaneiro-30 sept)
Prohibición uso fitosanitarios: 6 meses
Non poden estar precedidos por CFN SIE na campaña anterior
- **CFN:** Manteranse ata, polo menos, o inicio da floración
Prohibición uso fitosanitarios: todo o período de cultivo a partir das labores preparatorias
Computan para SIE mesturas con $>50\%$ CFN
Poden cultivarse CFN no mesmo recinto en anos consecutivos
Factor de ponderación: 1

IV – OUTRAS CUESTIÓNS DE INTERESE (VI)

➤ **Novas capas dispoñibles en SGA.**

En 2021 disporase na aplicación SGA de novas capas de apoio ás declaracións:

- **Capa zonas C.P.** Conforme ao Anexo III da Orde.
- **Capa CFN-2020**, elaborada coa información da campaña 2019. A SGA dispón dunha validación específica que mediante un aviso permitirá evitar a continuidade declarativa con un barbeito SIE en 2020 logo dun CFN en 2020, que non resulta admisible.
- Capa de **superficies de pastos forestais queimados** en 2019 e 2020.
- **Capa de MVMC.**

As dúas últimas capas terán finalidade meramente informativa para os declarantes, e non emitirán avisos.

Grazas pola súa atención

saa.fogga@xunta.gal